

Triabá – Castro de Rei, ca. 1979

Informante: Aurelia de Triabá

Compilador: Baldomero Iglesias

Transcripción: Sergio de la Ossa, rev. B. Iglesias

1. Costureiriña bonita
qu'ao palacio vas coser-e
no primeiro corredor-e
xa che deron que facer-e.

*E si vas a i-berba
heicha de ir erguer
darásme un abrazo
veciña miña do meu querer.*

2. O amor da costureira
era papel e mollouse
i agora, costureiriña
o teu amor acabouse.

*E si vas a i-berba
heicha de ir erguer
darásme un abrazo
miña Pepiña do meu querer*

*un abrazo non
que non pode ser
si nos ve o papá
é capaz de nos reñer*

*reñerche non, non
reñerche non, non
darásme un abrazo
Pepiña miña do corazón.*

3. Costureira, non a quero
si ma dan ríome dela
cantos pillos hai na calle
dormen de noite con ela.

*La ra la la la
la ra la la la
la ra la la la ra
la ra la la ra la ra la la.*

4. Costureira, non a quero
tecelana non ma dan-he
filla dun home de ben-he
esa non ma negarán-he.

*E si vas a i-berba
heicha de ir erguer
darásme un abrazo
Pepiña miña do meu querer*

*un abrazo non
que non pode ser
si nos ve o papá
é capaz de nos reñer*

*reñerche non, non
reñerche non, non
darásme un abrazo
Pepiña miña do corazón*

*la ra la la la ra
la ra la la ra la ra la la.*

